

## Modelo de carta comunicación Obxección Fiscal

---

Carta ao Ministerio de Facenda

r/ Alcalá, 9. 28071 – Madrid.

Sr./Sra. Ministro/a: Co pagamento dos impostos contribúo a financiar os gastos do Estado. Por razóns de conciencia e tras un análise do sentido do gasto militar na sociedade, non podo, non desexo colaborar con ese gasto, coa preparación das guerras. Por isto, fago declaración expresa da miña condición de persoa obxectora de conciencia ao gasto militar.

Acordo con isto, ingresei .....euros na conta de .....colectivo que con moitos máis pula polo verdadeiro progreso da humanidade, aspecto que é a base para unha verdadeira defensa dunha sociedade en Paz.

Tal e como expuxen máis arriba, esta parte dos meus impostos que non trato de defraudar senón que desvío a un fin socialmente útil, corresponde ao gasto militar español, polo que solicito procedan a descontar dita contía de calquera asignación orzamentaria relacionada con fins militares e non de ningunha outra.

Remato animándoo a realizar a Obxección Fiscal ao Gasto Militar, xa que desobedecer as normas inxustas é politicamente preciso, democraticamente saudable, eticamente esixible e ademais, como pode comprobar, está ao alcance de calquera persoa. Porque as Guerras son un crime contra a Humanidade, non no noso nome, ni cos nosos cartos.

Atentamente, fico á súa disposición,

Sinatura:

....., .....de ..... de 2016